# TRABALLO FEITO POLOS NENOS/AS DE 5º E 6º.

## LETRAS GALEGAS 2010

Montaxe:Xosé Teixeiro

# UXÍO NOVONEYRA



LETRAS GALEGAS 2010





# LETRAS GALEGAS 2010

Este ano as letras galegas adícanse a Uxío Novoneyra (1930-1999).





# Biografía

- Uxío Novoneyra, nado como Eugenio Novo Neira, lugar da parroquia de San Xoán de Seoane do Courel, o 19 de xaneiro de 1930 e finado en Santiago de Compostela o 30 de outubro de 1999. Sendo fillo dunha familia de labregos, O Courel foi o principal referente físico para os seus versos, considerados dos mellores no tocante á paisaxística, dentro da literatura galega.

# PARADA DO COUREL



**A CASA DE PARADA**

**A casa de pedra e cal vella**
**-solaina de ventanas pra serra-**
**feita fa icen á miña maneira!**

# NÓS NON QUIXERAMOS PASALO POR ALTO



# A NOSA CELEBRACIÓN



- No CEIP Santa María celebramos o día das Letras Galegas así:
- Lembrando a súa figura coas súas obras, poesías e moitas máis cousas.






# OS SEUS POEMAS...

Iba eu polos camiños

ora cantaba ou xubriaba

e cando en cando paraba

a varexar os espiños.



# LETRAS GALEGAS 2010

Fianderiña que fías
nas noites do longo inverno
as liñas máis delgadiñas
que o fío do pensamento



Uxío Novoneyra

FIANDEIRA namorada
que fías detralo lume
cos ollos postos nas chamas
roxiñas brancas i azules.

Do poema “A fiandeira”.



# TÓDALAS TARDES.

Tódalas tardes traguía

gargantillas de morodos

i arandos que eu collía.

En chegar comíos todos



# SE O PASADO É PASADO

Se o pasado é pasado
I o presente é o urgente
Por qué inda busca a xente
Aquil soño clausurado?





Camiño de volta fago
volvo do cabo do mundo
Terra sólo en ti me fundo
é a certeza que trago.

Vido visto ben Santiago
Isa cuestión non resolta
Fago camiño de volta
Camiño de volta fago



# Muller pra lonxe

*Andas as rúas*
*como se fora a praia.*
*ouh muller pra lonxe*
*chegas do norde*
*pasas da saga á cántiga*
*levando sola a gran imaxe*

*É xa hora de que señas toda patria dos teus*
*dos que gardaron a fala en que máis se dixo adeus*
*e señas dona de ti e señora de falar*
*señora de decidir e dona de se negar*



# UXÍO NOVONEYRA

PASTORA que pása-la vida
no monte soliña!
Pastora que fías e cantas
coa roca á illarga!
Pastora que cantas e fías
la branca merina!
Pastora que fías e cantas
á tardiña baixa!
Pastora que cantas e fías
á alta seriña!



NO bicarelo do bico do
brelo
canta o paxariño.
No mesmiño
bicarelo do bico do
brelo.





# Cousos do Lobo!,



Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha dir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca de vagoada máis sola e máis medosa…

Rastrexa
parase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca…





# O Moucho da Alameda

MOUCHO que cantas pra noite queda
Na sombra das flairas tecidas,
Ti fais distas arbres de cidade
Un bosque antigo no que eu estuven sempre

Oíndote,esquezo as casas apezadas d´ orredor
Que o teu canto iñora.



Moucho,
Nós non somos para vivir esquí.
Os dous viñemos de lonxe
E tornaremos outra vez para aló,
onde o  noso misterio se acai.

Ti iraste, despois que eu me vaia,
Unha noite que ninguén vele
Nesta cidade de nebras e campás vagariñas.


Courel dos tesos cumes que ollan de lonxe!
Eiquí síntese ben o pouco que é un home.
Augas brancas da Rogueira!
Bouzas pechas d'uces e xestas!
Abrairas teixos faias xardois e reboleiras!
Outo bosco calado!
Fontiñas do corzo!
Carrozos picafondo!
Non hai outro templo mais vasto
nin outro credo
que este silencio.
UXÍO NOVONEYRA

# LETANIA DE GALICIA

GALICIA digo eu un di
GALICIA decimos todos
Hastraos que calan din
e saben

GALICIA
GALICIA
GALICIA
sabemos

GALICIA da door
GALICIA da tristura
GALICIA do silencio
GALICIA da fame
GALICIA vendada
GALICIA tapeada
GALICIA atrelada

chora a forza
triste a forza
calada a forza
emigrante a forza
cega a forza
xorda a forza
queda a forza

libre pra sevir
libre pra non ser
libre pra morrer
libre pra fuxir

libre pra servir
libre pra non ser
libre pra non morrer
libre pra fuxir

GALICIA labrega
GALICIA mariñeira
GALICIA obreira
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda

GALICIA nosa
GALICIA nosa
GALICIA nosa

recollote da TERRA
recollote do PUEBLO
recollote da HISTORIA

estas mui fonda
estas nil toda
estas borrosa

recollote i ergote no verbo enteiro
no verbo verdadeiroque fala o pueblo
rtecollote pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou a malla da argola
pros que sabe que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa.



# Eidos

- Os Eidos  a maior obra de Uxío Novoneyra






# OUTRAS OBRAS DE UXIO NOVONEYRA

















# DISTINTOS MOMENTOS DA SÚA VIDA.




Língua:
Ámo-te así, na boca, como se ama
á moza no limiar do coito, porque
sabes á esencia e patrimonio, porque
es nosa e miña a un tempo cando vou
na soedade do xardín e teño
espacio para estar, contra o designio,
nese cáliz da rosa permanente
que tí es, desde o máis antigo sol
que chama na mañá polos insectos.

# O SEU POBO:O COUREL





# O Courel









# O Courel.





# Nas Pontes adicouselle algunha cousa.

Na praza da Lembranza  escribironse unhas verbas adicadas ao poeta.

Galicia
Será a miña
Xeneración
Quen te salve?
Irei un día do
Courel a
Compostela
Por terras
Libradas?
Non a forza
do noso amor
Non pode  ser
Inutle!
1957




Tamén un concurso de poesía, creado no ano 2000.

- Ao longo da súa historia, estudou secundaria en Lugo. Despois estudou en Madrid filosofía e literatura.







# A SÚA FAMILIA



# ACABOU A SÚA VIDA EN...

Santiago de Compostela
no ano 1999.



# Fin

